



**University of
Zurich** UZH

**Zurich Open Repository and
Archive**

University of Zurich
University Library
Strickhofstrasse 39
CH-8057 Zurich
www.zora.uzh.ch

Year: 1996

A diferenciación diafásica do galego actual

Kabatek, Johannes

Posted at the Zurich Open Repository and Archive, University of Zurich
ZORA URL: <https://doi.org/10.5167/uzh-84808>
Conference or Workshop Item

Originally published at:

Kabatek, Johannes (1996). A diferenciación diafásica do galego actual. In: A lingua galega: Historia e actualidade. Actas do 1º congreso internacional. 16-20 de Setembro de 1996, Vol. II., Santiago de Compostela, 16 September 1996 - 20 September 1996. Consello da Cultura Galega, 379-388.

Volume II

A Lingua Galega:

Historia e Actualidade


ROSARIO ÁLVAREZ BLANCO

FRANCISCO FERNÁNDEZ REI

ANTÓN SANTAMARINA

(editores)

 Instituto da
Lingua
Galega

 CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

aprenda a conducir en

"EIDOS"

¿Pódese sacar o carné por poucos cartos e en pouco tempo?
En EIDOS por suposto que si.

¿Onde está o segredo? Témo-los TESTS que máis se semellan ós de TRAFICO e somos profesionais na materia.

"EIDOS" OPRECE CALIDADE

Coñecemos e tratamos ós alumnos polo seu propio nome.
En EIDOS éntrase como cliente e sácese sendo un amigo.

- * Traballo en grupos reducidos
- * Atención individual
- * Tests de elaboración propia
- * Profesorado posto ó día

Nesta escola só se paga unha Matrícula ou Inscripción.
Non cobramos as renovacións de Expediente.

EN "EIDOS" APRÓBASE E APRENDESE

Veña a vernos e infórmese e logo opine e decida. Estamos en,


AUTO-ESCOLA "EIDOS"

Centro de Formación Vial

Ramón Cabanillas, 16 - Teléfono 59 11 84 - SANTIAGO DE COMPOSTELA

Fig. 34

"Ajuardente de Feitura Propia."
"Fora - Meigas."



O ajuardente da miña Nai non ten quen a faga
míyor, tan xeitoso e ven feito e co seo grado de
alcol.

Xian San Pedro de Sarandón

LA CORUÑA

Fig. 36



Cinco anos mellorando
a función pública galega

RESUMO TOTAL 1990 - 1995

ASISTENTES 42.487
ACTIVIDADES 1.001

PRESENTES
POR TODA-LA
XEOGRAFÍA GALEGA.



Fig. 35

A DIFERENCIACIÓN DIAFÁSICA DO GALEGO ACTUAL

Johannes Kabatek

Universität Paderborn

1. Para falar da diferenciación diafásica do galego actual, hai que aclarar primeiro o que se entende por variación diafásica, e en parte tamén, habería que aclarar o que é o galego actual, tarefa non tan fácil como parece tratándose dunha "lingua por elaboración" (Fernández Rei 1988, pp. 101 ss.) en pleno dinamismo.

O concepto de "variación diafásica" foi introducido nos anos 50 por Eugenio Coseriu para completar terminoloxicamente a gama de posibles perspectivas sobre a variación lingüística xa definida anteriormente por Leiv Flydal cos termos de "perspectiva diastrática" e "perspectiva diatópica" nun artigo exemplar e fundamental para a lingüística variacional e no que distingue entre *estructura* e *arquitectura* da lingua, reservando o primeiro termo para os lazos intraestructurais dun *estado de lingua* no sentido saussureano e o segundo para o conxunto de "estados de lingua" coexistentes nunha lingua histórica. Segundo Flydal, o falante non emprega só elementos dun só sistema senón que se serve tamén de chamados "extraestructuralismos", elementos pertencentes a outros sistemas e que se introducen no discurso con funcións estilísticas determinadas. Estes elementos poden ser, vistos a partir da estrutura dominante, *arcaísmos* (elementos pertencentes a estados de lingua anteriores á sincronía actual), *provincialismos* (elementos pertencentes a outros lugares) e *vulgarismos* (elementos pertencentes a determinados estratos sociais). Desde o punto de vista *diatópico* pódese diferenciar unha sucesividade de estados de lingua *sinatópicos*, na perspectiva *diastrática* unha serie de estados de lingua *sinestráticos*¹. O termo de variación *diafásica* foi engadido por Coseriu polo feito de que non só as variedades diatópicas e diastráticas poden ter función estilística senón que se poden crear tamén tradicións propias de sistemas localizables, non nun lugar ou estrato, senón nun estilo. Este termo é entre todos eles o máis complexo e o que menos

¹ Flydal 1951. Como soe ocorrer, este artigo aparece citado en numerosos lugares para sinala-la orixe dos termos pero normalmente sen telo en conta con todo o seu valor. É, en realidade, todo un fundamento dunha lingüística variacional dentro do estruturalismo. Vid. a este respecto tamén Kabatek 1994c.

éxito obtivo. Tres son, basicamente, os problemas que soen producir malentendidos na súa interpretación:

O primeiro é común ós tres termos —ou mesmo común ós catro, incluída a “variación diacrónica”, concepto xa establecido por Georg von der Gabelentz no século pasado e bautizado con este termo por Saussure²—. É un problema de perspectiva: mentres Flydal (1951, p. 153) fala de “estructuras que o falante recoñece” como pertencentes a unha variedade determinada, introducindo deste xeito a competencia do falante como criterio, para outros lingüistas as variedades son categorías estruturais obxectivas da *lingua*, e é tarefa do lingüista describilas: unha *lingua histórica* é un conxunto de variedades diatópicas, diastráticas e diafásicas³.

A segunda cuestión problemática é a do dinamismo da variación. Segundo o famoso dito de Schuchardt, as linguas só son observables na inmovilidade, pero só teñen existencia real no movemento⁴. As variedades lingüísticas como entidades discretas son unidades *abstractas*, proxeccións derivadas da actividade concreta do falar. Pero tamén como entidades abstractas non son, igual que as palabras e o signo lingüístico en xeral, irrealis ou inexistentes ou inventos dos lingüistas, senón parte da actividade lingüística; e os actos lingüísticos dunha comunidade son tamén actos creativos fronte ás variedades: ó falar, o falante *realiza* un sistema, fai que o abstracto se volva concreto, e fáino á base de abstraccións recoñecidas por el previamente e contribuíndo deste xeito á consolidación ou ó cambio das mesmas.

Por último, un problema da variación diafásica en concreto é o da imposibilidade de atribuíla a un grupo de falantes definible. Os outros tipos de variación, en cambio, son localizables nun número ou grupo de falantes determinado: ás variacións diatópicas corresponden falantes que viven en lugares determinados e ás variacións diastráticas falantes que pertencen a un determinado estrato social. Pero un mesmo individuo, mesmo se podemos describir, en moitos casos, o lugar onde vive e mailo estrato social ó que pertence, emprega por definición máis dunha variedade sinfásica, máis dun estilo.

En canto ó dinamismo das variacións, nas linguas adoita haber fases de máis e de menos estabilidade. Para a variación diatópica, migracións ou outros movementos de persoas fomentan o dinamismo; cambios sociais producen cambios na variación diastrática; e cambios nas finalidades dos textos enunciados polos falantes levan a alteracións nas variedades sinfásicas; e estas foron as que máis marcaron a sociedade galega —sobre todo no ámbito urbano— dos últimos anos.


En sociedades con presenza dunha lingua escrita, a variación diafásica soe estar fortemente influenciada pola concepción que existe dos medios escrito e falado. Debémos-

² Vid. Coseriu 1967.

³ Coseriu 1992, pp. 37-39 e 160-162.

⁴ “Ruhe und Bewegung (diese im weitesten Sinne genommen) bilden wie überhaupt so bei der Sprache keinen Gegensatz; nur die Bewegung ist wirklich, nur die Ruhe ist wahrnehmbar.” (en: Spitzer 1928, p. 330).


lle a Ludwig Söll (vid. esquema 1) a distinción sistemática entre “concepción” e “medio” dun texto ou discurso: o medio dun discurso pode ser gráfico ou fónico, pero un discurso oral pode ser “de concepción escrita” igual que un texto escrito pode ser “de concepción oral”. O medio dun discurso académico é oral, a concepción escrita; o medio dos cómics é, á parte dos debuxos, escrito, a concepción frecuentemente oral.



Esquema 1: Medio e concepción dun texto/discurso segundo Söll 1974, p. 17:

As frechas continuas do esquema designan relacións estreitas, as frechas interrompidas relacións febles. Os círculos refírense ó feito que entre os medios fónico e gráfico hai un límite claro: exclúense mutuamente; mentres que entre os textos de concepción oral e escrita pode haber formas de transición: entre os dous polos hai un continuo.

Os romanistas alemáns Peter Koch e Wulf Oesterreicher distinguiron, para mellor separación de textos de diferente concepción, entre dous modos de falar que chaman “linguaxe de *distancia*” e “linguaxe de *proximidade* ou de *inmediatez*”, coas seguintes características (Koch/Oesterreicher 1985; vid. tamén Oesterreicher 1994):



Esquema 2: “Linguaxe de distancia” e “linguaxe de inmediatez” segundo Koch/Oesterreicher 1990, p. 12.

Entre os dous polos hai, como xa indicara Söll, un continuo. E na historia empírica das linguas, á linguaxe de proximidade correspóndelle sobre todo o medio fónico, e a

realización no medio fónico é menos frecuente cando os textos se achegan máis á linguaxe de distancia, onde, en cambio, predominan os textos escritos. Quere dicir: non é unha condición previa da realización fónica o feito de terse que expresar na linguaxe de proximidade, nin a escrita impide que se produzan nela outros textos que de “distancia”, pero as condicións comunicativas dos dous medios fomentan a produción de textos de concepción oral no medio fónico e de concepción escrita no medio correspondente⁵. Os dous polos do esquema non lles corresponden, en principio, variedades lingüísticas concretas xa que son “modos do falar”, posibles formas de realización de calquera sistema lingüístico. Pero na historia empírica das linguas, algunhas variedades só se usan de forma oral, mentres outras son escollidas para seren escritas. Despois, o feito de ser lingua escrita inflúe na propia definición das variedades. Por exemplo, en Suíza, *Mundart*, “forma oral”, “dialecto” é a palabra coa que se designan as variedades faladas, mentres que *Schriftdeutsch*, “alemán escrito” se refire simplemente ó alemán estándar—escrito ou falado— e en varias zonas do territorio de fala alemana, *nach der Schrift sprechen*, “falar segundo a escrita”, simplemente significa falar alemán estándar.

2. O pensamento humano parece estar caracterizado profundamente polas oposicións binarias⁶ e pola estruturación do mundo en oposicións bipolares de tipo *alto-baixo*, *culto-vulgar* e tamén *escrito-falado*; oposicións predominantes no pensamento lingüístico e parte da competencia dos falantes.

En Galicia, *alto-baixo*, *culto-vulgar* e *escrito-falado* correspondían tradicionalmente á parella *castelán-galego*, xeneralizando un pouco unha tendencia predominante e simplificada pero que forma parte do prexuízo e xuízo lingüístico tradicional en Galicia e que os lingüistas, na mesma simplificación, chamaron *diglosia*. A diglosia, “situación relativamente estable” na definición de Ferguson⁷, foi irrompida por unha serie de factores, provocando que o galego entrara en ámbitos novos, en contextos nos que contaba con pouca ou ningunha tradición, e esta conquista dos ámbitos novos—dos medios de comunicación, do ensino, da vida pública e dun mundo fortemente caracterizado pola *cultura escrita*— esta conquista só inxenuamente se pode interpretar como a simple “extensión do uso dunha lingua oprimida ó lugar que lle corresponde”, como pretenden facelo algúns: é, en realidade, a creación de algo novo, que esixe a intervención *activa* dos falantes⁸. Con iso non quero dicir que a creación desta lingua nova ou destas variedades novas non sexa posible á base do galego dialectal: é outro malentendido moi

⁵ É moi importante esta diferenciación entre o que é teoricamente posible e o empiricamente usual. Vid. tamén Kabatek 1994a.

⁶ Vid. Weydt/Schlieben-Lange 1995, pp. 735-742.

⁷ Vid. Ferguson 1959, pp. 332.

⁸ Vid. Kabatek 1991, pp. 39 ss.

difundido o de crer que un dialecto non sexa capaz de ser elevado a lingua culta, malentendido que leva, por exemplo, á exclusión de elementos fonéticos dialectais nos ámbitos cultos. Sen dúbida os elementos dialectais pódense elevar, pero precisamente hai que eleválos, e hai que facelo nun proceso activo e creativo, no que se seleccionan algúns elementos para a lingua culta mentres que outros quedan dialectalizados.

Desta maneira estase a crear unha nova distinción interna do galego que leva á diferenciación dunha lingua “alta” e “culto” fronte á lingua falada e dialectal. O que intervéñe aquí de forma decisiva é a *reflexión* dos falantes, xa que a produción dos textos novos se leva ó cabo en moitos casos cunhas altas posibilidades de elaboración: unha das características máis destacadas da lingua escrita é a planificabilidade dos textos, e polo tanto nos estilos de concepción escrita adoitan entrar elementos resultantes dunha intervención consciente dos falantes, os cales, na produción dos textos, cando reflexionan sobre o que fan, se volven “lingüistas”, analizadores conscientes da lingua e das linguas e mesmo planificadores dela⁹.

3. Observemos algunhas das características desta diferenciación interna: na fonética, na escolla dunha pronunciación “elevada” ou “culto”, prolónganse unhas tendencias xa observables polo menos desde a segunda metade do século XIX. Aínda que os planificadores lingüísticos intentaran “salvar” trazos galegos como a *gheada* ou o *seseo* para unha pronuncia “estándar”, a connotación diasistemática dos mesmos condenounos a permanecer nas falas coloquiais e dialectais. Na súa gramática, Álvarez/Regueira/Monteagudo (1986, p. 27) aínda din que “o fenómeno da ‘gheada’ foi recollido no galego estándar, como pronuncia alternativa ó sistema de non gheada”, e do mesmo modo se expresan fronte ó *seseo* (*ibid.*, p. 31). Pola súa parte, Regueira escribiu nun artigo de 1994: “é un feito que a xeneralidade da poboación ten unha mellor consideración da pronunciación con /g/, e parece claro que un modelo exemplar de pronuncia ten que estar asentado no recoñecemento social.” (Regueira Fernández 1994, pp. 54-55). Agás casos especiais¹⁰, a *gheada* quedou dialectalizada, e o mesmo vale tamén para o *seseo*.

Obsérvase, ademais, a tendencia común ás linguas en xeral de pronunciar practicamente todo elemento con representación gráfica, tendencia tamén xa sinalada por Regueira¹¹ e que elimina por exemplo as síncopas vocálicas observables no galego oral.

⁹ Os “falantes como lingüistas” pódense equivocar na súa análise, xa que en xeral non teñen formación lingüística e son só “lingüistas naïf” (Coseriu 1992), e poden, polo tanto, crear formas híbridas ou ultracorrectas; pero tamén os “erros” dos falantes poden senta-la base de tradicións. En canto planificadores lingüísticos, poden dar preferencia a unhas formas e evitar outras: neste caso, non é cuestión de se se “equivocan” ou non, xa que na actividade planificadora non hai “obxectividade”: é un labor normativo no que as fins están fundadas sobre convencións subxectivas.

¹⁰ Vid. a contribución de Fernández Rei nestas mesmas actas.

¹¹ Regueira Fernández 1994, p. 53. Vid. tamén Kabatek 1994b, p. 13.

Outro fenómeno xeral é o de evitar unha entoación moi marcadamente galega e de achegarse ó que algúns chaman unha “pronunciación neutra” e que é, en realidade, unha pronunciación máis castelanizada¹². Ata hai pouco, aprendíase a ler en castelán, e os hábitos de lectura tamén marcan a pronuncia á hora de ler en galego —ó mellor unha grafía menos semellante á castelá tería evitado esta tendencia¹³.

Con todo, a pronuncia, en casos de posible escolla, soe achegarse ó castelán —ou, dito máis timidamente— parece moita casualidade que o que se garda para as variedades “cultas” coincida coa lingua de contacto e que o que queda dialectalizado non coincida. Xa foi observado por varios lingüistas este paso da diglosia entre castelán e galego a unha diglosia galega interna.

En canto ós trazos morfolóxicos, o que máis chama a atención é o cambio da marca diasistemática de elementos diferenciais do galego fronte ó castelán, un proceso que parece ser unha evolución interna do galego pero que está condicionado pola interferencia do castelán¹⁴. Velaquí dous exemplos: á hora de buscar unha linguaxe axeitada para a Biblia galega, os tradutores atoparon un recurso xa usado desde o Rexurdimento e característico de certos textos literarios galegos e que lles servía para crear un texto con marca diafásica alta ou solemne. É o recurso de usar cunha certa frecuencia elementos existentes no galego dialectal pero perdidos no galego urbano pola súa ausencia no castelán, ou sexa, perdidos como consecuencia da interferencia desa lingua. Un dos elementos máis empregados é o infinitivo conxugado. Na Biblia atopamos frases como “e pecharon os seus ollos, para non veren cos ollos, nin oíren cos oídos, nin entenderen co seu corazón nin se converteren”¹⁵, onde por exemplo no respectivo versículo das traducións portuguesas non hai ningún infinitivo conxugado. Hoxe en día, para moitos galegos sobre todo de ámbito urbano, o infinitivo conxugado chegou a se converter nun elemento de estilo elevado, usado só na lingua escrita ou en discursos de concepción escrita. O que foi —e segue sendo— un elemento dialectal en retroceso, renace como identificador diferencial na lingua elaborada, pero con varias restriccións: o seu “novo

¹² Vid. Kabatek 1996, pp. 94-109.

¹³ Sen embargo, o sistema elixido tamén ten vantaxes por exemplo en canto á economía de aprendizaxe nunha sociedade tradicionalmente alfabetizada en castelán, vid. Kabatek 1992.

¹⁴ A *non-realización* de certos elementos ou a realización proliferada doutros causadas pola presenza doutra lingua tamén é interferencia. Chamamos estes tipos de interferencia “interferencia de diverxencia” (*Unterscheidungsinterferenz*) cando consiste na non-realización de elementos coincidentes coa lingua de contacto e “interferencia de converxencia” (*Überschneidungsinterferenz*) cando consiste na non-realización dos elementos distintos e nunha alta frecuencia de elementos coincidentes. Nun mesmo texto, ambos tipos poden aparecer de forma combinada, así por exemplo, un falante pode escoller nun texto galego basicamente formas coincidentes co castelán (por presenza desta lingua na súa competencia, por economía, por prestixio, etc.) e ó mesmo tempo introducir formas diverxentes (para marca-la galeguidade do texto, para contrastar coa outra tendencia, etc.). Vid. Kabatek 1996, p. 19.

¹⁵ S. Mateo 13, 15 na *Biblia* galega, Novo Testamento traducido desde o grego por un equipo baixo a dirección de A. Torres Queiruga e X. Fernández Lago, Santiago 1989. Nas traducións galegas anteriores só aparece un caso no mesmo versículo (*convertirent* na de Sánchez de Santamaría/Louis Lucien Bonaparte 1861; *convertiren* na de Gómez Ledo 1974).

uso” sóese limitar á primeira e terceira persoa de plural *irmos* e *iren*, e adoita ser redundante na maioría dos casos¹⁶.

Cousa semellante ocorre con certas colocacións de clíticos, sobre todo en casos onde o galego permite varias posibilidades, como por exemplo nas perífrases de tipo *teño que dicilo/teño que o dicir/teño que dicir* (vid. esq. 3).

galego	castelán
teño que dicilo	tengo que decirlo
teño que o dicir	-
téño que dicir	-
-	lo tengo que decir

Esquema 3: Exemplos contrastivos de colocacións de clíticos na perífrase *ter que* + inf.

No galego dialectal, unha forma como *teño que o dicir* é completamente libre de marcas estilísticas “elevadas”, aínda que, como sinalou Rosario Álvarez, a variación do uso do pronome corresponda probablemente a funcións pragmáticas diversas¹⁷. No galego actual falado urbano, a forma usada con máis frecuencia é a única coincidente co castelán, *teño que dicilo*. Sen embargo, nos textos escritos e elaborados resucita *teño que o dicir* como marcador dun estilo elevado, e atopamos por exemplo con frecuencia en textos científicos exemplos de colocación do clítico ante o infinitivo como *temos que nos enfrontar, hai que a buscar, sen lle adicar, de se decatar, sen se admitir*, etc., onde o castelán actual non permite a colocación do pronome ante o infinitivo¹⁸.

Outro caso curioso é o chamado *pronome de solidariedade*: aínda que considerado como trazo típico do galego, non corre parello cos outros elementos. Parece que aquí a función obxectiva deste elemento, o feito de que sen dúbida pertenza ó diálogo e ás situacións comunicativas concretas, leva á súa exclusión da linguaxe culta¹⁹.

Onde máis foi observada a tendencia de acentuar os elementos diferenciais é no léxico²⁰. Aquí podemos tamén ver a rapidez deste tipo de evolucións. É coñecido o em-

¹⁶ Vid. tamén Gondar 1978, p. 155.

¹⁷ Álvarez Blanco 1980.

¹⁸ É máis ou menos a finais do séc. XVI que no castelán deixaron de ser posibles este tipo de colocacións; vid. Luna Traill/Parodi 1974.

¹⁹ Noutras linguas, elementos comparables ou semellantes tamén foron extinguidos pola sucesiva estandarización das mesmas. En castelán, por exemplo, o dativo de solidariedade segue existindo só dialectalmente (Miguel Delibes por exemplo xoga con este elemento para marca-la ruralidade dunha fala castelá rural en *Los santos inocentes*); os dativos éticos considerábanse elementos non aptos para a linguaxe culta xa en latín; en alemán, inglés e francés, p. e., só usos moi restrinxidos están aceptados na lingua estándar, mentres nos dialectos sobreviven estes trazos.

²⁰ Así, Rosario Álvarez observa (non só respecto ó léxico): “En situacións sociolingüísticas delicadas, coma a nosa, ocorre con frecuencia que a declaración na gramática descritiva de que unha forma tradicional cae en desuso provoca unha reacción nos falantes conscientes (e nos gramáticos, ensinantes, normalizadores...) a prol do seu uso contínuo e da súa recuperación; a eles súmanse os sempre dispostos a favorecer unha forma ou unha construción por puro afán diferencialista e mailos temerosos de que os riscos comúns sexan en realidade produto da interferencia lingüística.” (Álvarez Blanco 1994, p. 29).

prego proliferado de formas diferenciais fronte ó castelán, usadas a miúdo como calcos do seu correspondente en castelán e non segundo a tradición galega²¹. Pero elementos como “intre”, “nembargantes”, “meirande”, “coido que”, etc. xa pasaron por unha historia de varios capítulos: usábanse como marcadores diferenciais do galego fronte ó castelán; pasaron despois a formar parte da variedade “cultura” do galego, onde aínda permanecen, pero xa pasan a ser considerados *marcadores diastráticos*: definen a un certo grupo de falantes, localizado, entre outros lugares, nos medios de comunicación e caracterizado por unha das informantes dun traballo que realizamos sobre este tema como “os de *intre*” ou “os *intrinianos*”²². Pero as palabras “intrinianas” son moi limitadas, o que é moito máis frecuente é a revitalización de léxico que está a quedar como léxico do galego culto diafasicamente marcado e diferente do castelán.

4. As tendencias observadas son resultado dun proceso de creación no que podemos ver cómo as diversas condicións de produción dos textos ou discursos levan ó respectivo predominio de distintos tipos de interferencia. Nos textos elaborados, que son a base do que despois se chega a considera-la “variedade culta”, a reflexión dos falantes permite a intervención consciente, permite que a finalidade consciente dos falantes se reflecta no texto. É aquí onde máis claramente se evitan os castelanismos e onde se galeguiza o texto. Tamén é importante sinalar que aquí non hai conflito lingüístico que choque cunha tradición forte. Un falante novo que nunca se atrevería a falar con infinitivos conxugados na súa casa porque utilizaría un elemento considerado como arcaísmo non usual na fala dunha persoa nova, pode ó mesmo tempo empregar infinitivos conxugados á hora de escribir ou de falar nunha situación formal, p. e. nunha conferencia dun congreso ou nun artigo científico.

Hai que engadir, evidentemente, que estes procesos son moi polifacéticos, hai que dicir que a base dialectal dos falantes que forman parte nesta cociña dun diasistema galego actual é moi diversa, a presenza respectiva do castelán moi variada; os falantes en Galicia teñen biografías lingüísticas ás veces moi diferentes e a diferenciación diafásica só en parte vai por rumbos unitarios e ben definidos. Pero hai tamén tendencias comúns, existen grupos predominantes e hai, a pesar de tanta diverxencia, fenómenos de converxencia. E tamén hai unha tendencia contraria á crioulización observable nalgúns sectores da sociedade e localizada xeralmente como punto de referencia nos medios de comunicación e no mundo administrativo-político: a tendencia a non ollar sempre cara ó castelán, a rexeitar tamén evolucións aparentemente internas ó galego, que son en rea-

²¹ Deste xeito, unha palabra como por exemplo gal. *acadar* úsase como calco de cast. *conseguir*; gal. *mercar* como calco de cast. *comprar*; gal. *atopar* como calco de cast. *encontrar*; gal. *ollar* como calco de cast. *mirar*; gal. *coidar* como calco de cast. *pensar*; gal. *gallo* como calco de cast. *motivo*; gal. *xeito* como calco de cast. *manera*, etc., etc., tendo as palabras castelás en moitos casos tamén equivalentes do mesmo étimo en galego.

²² Vid. Kabatek 1996, pp. 154-157 e 209-226.

lidade nada menos que a outra cara da castelanización, xa que son meras reaccións a ela. Hai núcleos capaces de creacións internas, falantes que non só copian “muletillas” senón que levan a propia lingua adiante. Hai que desexarlles que sexan eles os que leven ó éxito tamén o proceso creador da diferenciación diafásica do galego, e non os que desprezan a lingua mesmo cando a falan.

BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez Blanco, Rosario (1980): *O pronomes persoal en galego*, 2 vols., Tese de doutoramento, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- (1994): “Gramática descritiva e gramática prescritiva”, in: *Cadernos de Lingua* 10, pp. 19-35.
- Álvarez Blanco, Rosario, Xosé Luís Regueira Fernández e Henrique Monteagudo Romero (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.
- Coseriu, Eugenio (1967): “Georg von der Gabelentz et la linguistique synchronique”, *Word* 23, pp. 74-100.
- (1992): *Competencia lingüística. Elementos de la teoría del hablar*, Madrid: Gredos.
- Ferguson, Charles A. (1959): “Diglossia”, in: *Word* 15, pp. 325-340.
- Fernández Rei, Francisco (1988): “Posición do galego entre as linguas románicas”, *Verba* 15, pp. 79-107.
- Flydal, Leiv (1951): “Remarques sur certains rapports entre le style et l'état de langue”, *Norsk Tidsskrift for Sprogvidenskap* 16, pp. 241-258.
- Gondar, Francisco G. (1978): *O infinitivo conxugado en galego*, *Verba*, Anexo 13, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago.
- Kabatek, Johannes (1991): “Interferencias entre galego e castelán: problemas do galego estándar”, in: *Cadernos de Lingua* 4, pp. 39-48.
- (1992): “Der Normenstreit in Galicien: Versuch einer Erklärung”, in: *Lusorama* 18, pp. 65-83.
- (1994a): “‘Wenn Einzelsprachen verschriftet werden, ändern sie sich’. Gedanken zum Thema Mündlichkeit und Schriftlichkeit”, in: Gabriele Berkenbusch e Christine Bierbach (eds.): *Soziolinguistik und Sprachgeschichte: Querverbindungen. Brigitte Schlieben-Lange zum 50. Geburtstag von ihren Schülerinnen und Schülern überreicht*, Tübingen: Narr, pp. 175-187.
- (1994b): “México frente a Madrid. Aspectos fonéticos del habla de los taxistas en dos capitales hispanas”, in: *Iberoamericana* 54, pp. 5-15.
- (1994c): “Variedades lingüísticas e competencia comunicativa”, in: *Cadernos de Lingua* 10, pp. 7-18.
- (1996): *Die Sprecher als Linguisten. Interferenz- und Sprachwandelphänomene dargestellt am Galicischen der Gegenwart* (Beihefte zur Zeitschrift für Romanische Philologie, Vol. 276), Tübingen: Niemeyer.
- (2000): *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual*, Vigo: Xerais.
- Koch, Peter e Wulf Oesterreicher (1985): “Sprache der Nähe --- Sprache der Distanz. Mündlichkeit und Schriftlichkeit im Spannungsfeld von Sprachtheorie und Sprachgeschichte”, *Romanistisches Jahrbuch* 36, pp. 15-43.
- (1990): *Gesprochene Sprache in der Romania: Französisch, Italienisch, Spanisch*, Tübingen: Niemeyer.
- Luna Traill, Elizabeth e Claudia Parodi (1974): “Sintaxis de los pronombres átonos en construcciones de infinitivo durante el siglo XVI”, in: *Anuario de Letras* XII, pp. 197-204.

- Oesterreicher, Wulf (1994): "El español en textos escritos por semicultos. Competencia escrita de impronta oral en la historiografía indiana", in: Jens Lüdtke (ed.): *El español de América en el siglo XVI*, Frankfurt: Vervuert 1994, pp. 155-190.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (1994): "Modelos fonéticos e autenticidade lingüística", in: *Cadernos de Lingua* 10, pp. 37-60.
- Söll, Ludwig (1974): *Gesprochenes und geschriebenes Französisch*, Berlin: Schmidt.
- Spitzer, Leo (ed.) (1928): *Hugo Schuchardt-Brevier. Ein Vademecum der allgemeinen Sprachwissenschaft*, 2a, ed ampliada, Halle: Niemeyer.
- Wanner, Dieter (1997): "Dialect Variation as a Consequence of Standardization", in: Jenny Cheshire / Dieter Stein (eds.): *Taming the Vernacular. From Dialect to Written Standard Language*, London / New York: Longman, pp. 218-231.
- Weydt, Harald e Brigitte Schlieben-Lange (1995): "*Hoch - tief - niedrig. Primäre und metaphorische Bedeutung von antonymischen Adjektiven*", in Ulrich Hoinkes (ed.): *Panorama der lexikalischen Semantik. Festschrift Horst Geckeler*. Tübingen: Narr.
- Wunderli, Peter (1992): "Le problème des identités diastratiques", in: Rika van Deyck (ed.): *Diachronie, diachronie, diastratie. Approches des variations linguistiques*, Gante: Studies in Language, pp. 59-77.

ALGÚNS RECURSOS EXPRESIVOS NA DOBRAXE Ó GALEGO

Pilar Pérez Faxil

Best Digital

1.- INTRODUCCIÓN

O obxectivo da presente comunicación é contribuír ó estudio dalgúns recursos expresivos dos que habitualmente se bota man para dobrar ó galego.

Mediante o estudo dunha serie de películas dobradas intentamos facer unha pequena avaliación só dalgúns dos recursos expresivos habitualmente empregados nesta clase de producións audiovisuais de relativamente recente aparición no noso idioma. Será importante tamén avaliármola adecuación dalgúns destes recursos ós diferentes contextos, ás situacións comunicativas en que se producen, ás características dos interlocutores que aparecen nos actos de fala e ós rexistros esperables neses actos de fala.

Aínda que a nosa intención non é facer un extenso relatorio de formas máis ou menos adecuadas ou correctas, procuraremos avanzar nunha serie de orientacións que contribúan a evita-la pobreza expresiva que ás veces se detecta nestas producións que se emiten pola TVG. Con iso procurarase autenticidade nos diálogos e tenderase a facelos máis próximos e máis cribles para os telespectadores que seleccionaron como canle o medio público.

A avaliación procuraremos facela mediante a comparación de recursos habituais empregados na dobraxe cos esperables para calquera falante en situacións comunicativas semellantes.

Entendemos que o estilo xeral do amplísimo conxunto de dobraxes que actualmente se emiten pola TVG deba basearse na realidade viva e plural de situacións comunicativas no noso idioma e nos recursos dos que botan man os falantes para establecer comunicacións eficaces. Para avanzarmos no camiño da normalización lingüística é necesario que se produza unha identificación social coa lingua empregada nos nosos medios de comunicación, e no noso caso concreto, nas dobraxes de cine e de teleseries.